

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO E APOIO AO COMERCIO E A ARTESANÍA NO MARCO DO XACOBEO 2021.

En Santiago de Compostela, a 6 de novembro de 2020, na sede da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

REUNIDOS

Dunha parte D. Francisco José Conde López, Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte D. José Sierra Fernández, na súa calidade de Presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, actuando en cumprimento das funcións que teñen encomendadas a tenor do disposto no artigo 21 da Lei 5/2004 do 8 de xullo, de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

Interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose lexitimidade e capacitación suficiente para a subscripción do presente convenio, en base ao cal,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en adiante, a consellería, segundo o artigo 1 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a promoción e renovación do sector do comercio e da artesanía, neste caso considera de interese realizar un proxecto, con motivo do vindeiro Xacobeo 2021, que comprenda varias actuacións de pulo e formación para os dous sectores anteditos nos últimos tramos dos Camiños de Santiago, apoiando un programa desenvolvido pola Cámara para acadar o nivel de competitividade desexable cara o mercado interior e exterior, comercial e artesán, e que incida no seu maior desenvolvemento.

O comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo e intenso, e manter a posición histórica que tradicionalmente veu desempeñando no desenvolvemento económico e social das nosas vilas e cidades.

Por outra banda, a crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 afectou a todos os sectores, entre eles, de forma moi significativa, ao comercio. A nivel estatal, publicouse o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da

situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e o Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias. No que se refire a Galicia, aprobouse o Acordo do Consello da Xunta, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptaban medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da COVID-19 (DOG núm. 49 bis, do 12 de marzo de 2020).

Por isto, é preciso poñer en marcha unha serie de medidas para asesorar, informar, impulsar a dixitalización e reforzar a dinamización do sector, para evitar unha perda de competitividade. Na crise, manifestouse como a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías se configuraban como ferramentas de utilidade para manter a actividade do comercio, polo que resultaba preciso a posta en marcha de mecanismos de xestión integral que permitirán combinar a venda física coa venda en liña e a distancia.

Especificamente, a Administración apoia ó comercio retalista no seu proceso de transformación dixital a través de axudas e outras actuacións de promoción e ordenación. Tamén pretende aproveitar as sinerxías xeradas polo Camiño de Santiago en termos de consumo, tanto no comercio como na actividade artesanal da zona.

SEGUNDO.- A Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, en adiante Cámara de Santiago de Compostela, é unha corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración Autonómica que ten encomendadas a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, da industria e dos servizos da demarcación de Santiago de Compostela. Entre as súas funcións público-administrativas está a de colaborar cos órganos da Xunta de Galicia na elaboración, desenvolvemento, execución e seguimento dos proxectos que se deseñen para o incremento da competitividade do comercio, propoñer medidas para o fomento destes, así como elaborar as enquisas de avaliación e estudos necesarios para iso.

Concretamente a Cámara de Santiago de Compostela está a desenvolver un programa con motivo do ano Xacobeo 2021 que contén as seguintes actuacións: a orientación e capacitación no eido da dixitalización no comercio e actuacións de asesoramento e asistencia relacionadas coa crise sanitaria da COVID 19; o pulo á marca Artesanía de Galicia mediante a análise, valoración e accións dirixidas a ampliar o número de tendas que empregan a marca e o desenvolvemento de sete programas de formación.

TERCEIRO.- Neste marco, a Consellería resalta a necesidade de unir esforzos coa Cámara de Santiago de Compostela dada a súa posición estratéxica de cara ao Xacobeo 2021 para optimizar o aproveitamento de coñecementos dos que cada unha dispón sobre os aspectos administrativos, económicos e empresariais en relación coas actividades anteditas, no marco da crise sanitaria provocada pola COVID 19 no que estamos inmersos, coa finalidade da promoción e pulo ao sector, ofrecendo aos visitantes unha imaxe de seguridade e dun comercio e dunha artesanía galega de prestixio, o que redunda nun beneficio da sociedade e economía galegas en xeral por mor do Xacobeo 2021. Un acontecemento propiciador de novas oportunidades de negocio ás que o sector comercial e artesan non pode ser alleo e para o que deben estar preparados.



Polo exposto, atendendo aos intereses converxentes das partes, ás características particulares e específicas do proxecto que se vai a executar, no que se pretende con fins de fomento e promoción, aglutinar aspectos comerciais, económicos e empresariais en relación co sector comercial retailista e artesanal da demarcación da Cámara de Santiago de Compostela, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia nos últimos tramos dos Camiños de Santiago.

En consecuencia, e co obxectivo de determinar as liñas que rexerán nas actuacións, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Consellería e a Cámara de Santiago de Compostela para a realización dun programa de actuacións recollidas no Anexo ao presente convenio, descritas con detalle sobre o seu alcance e obxectivos.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA CÁMARA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A Cámara de Santiago de Compostela asume os seguintes compromisos:

1. Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo, sempre que estean realizadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e rematadas antes do día 15 de decembro de 2020, tal e como establece a cláusula quinta.
2. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo.
3. Acreditar ante a Consellería, con anterioridade a sinatura do presente convenio, que se atopa ao corrente nas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades.
5. Xustificar os gastos derivados deste convenio no prazo e forma sinalados na cláusula quinta.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA.

A Consellería asume os seguintes compromisos:

1. Exercer a supervisión, coordinación e seguimento dos traballos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/a técnico/a, que será o interlocutor entre a Consellería e a Cámara de Santiago de Compostela.
2. Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así como o apoio e asesoramento técnico preciso.
3. Contribuír á difusión dos resultados dos traballos obxecto do presente convenio.
4. Achegar á Cámara de Santiago de Compostela a cantidade de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €) IVE incluído, como compensación polos gastos que lle ocasione o desempeño das actividades obxecto do convenio, dado que a consellería considera de interese apoiar a realización de tales accións.

CUARTA.- PAGAMENTO.

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, aportará a cantidade de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.640.1, proxecto de investimento número 2015.00254, do orzamento de gastos para o ano 2020.

A Consellería aboará a cantidade prevista unha vez que a Cámara de Santiago de Compostela presente a xustificación do cumprimento do obxecto do convenio, do xeito que se establece na seguinte cláusula.

O pagamento financiará exclusivamente o custo da realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

QUINTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, a Cámara de Santiago de Compostela entregará á Consellería antes do 15 de decembro de 2020 a seguinte documentación:

Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto, e as facturas correspondentes, emitidas pola Cámara de Comercio á Xunta de Galicia.

Unha Memoria de Actuación xustificativa do cumprimento das actividades obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado con indicación do grao de cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, no seu caso, achegarase un exemplar dos estudos ou proxectos elaborados, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento das actividades. Así mesmo, deberá acreditarse a colaboración da Xunta de Galicia.

Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

En todo caso, a Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación dos gastos.

Procederase a minorar a achega económica cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio teñan un custo inferior ao importe total do orzamento estimativo que presentou a entidade e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente das actuacións.

SEXTA.- PUBLICIDADE.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG Nº149 do 3 de agosto).

SÉTIMA.- VIXENCIA.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2020, sen prexuízo de que as actuacións ás que se pode aplicar se remonten ao 1 de xaneiro do 2020.

OITAVA.-RELACIÓN LABORAL COA CONSELLERÍA

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

NOVENA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes, e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste Convenio.

Esta comisión de seguimento estará formada por dous representantes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e e dous da Cámara de Santiago de Compostela. Os integrantes da comisión designaranse no mes seguinte á sinatura deste convenio mediante cruce de escritos das partes comunicando os seus respectivos nomeamentos.

A comisión mixta de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) Analizar os resultados das actuacións obxecto deste convenio.
- b) Propoñer e deseñar medidas e actuacións complementarias que se xulguen de interese.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN

Calquera modificación dalgunha das cláusulas deberá ser solicitada pola Cámara de Santiago de Compostela á Consellería, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse se procederá á súa formalización mediante a correspondente “addenda”.

O presente convenio poderán ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

UNDÉCIMA.- RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial do seu clausurado.
- O transcurso do tempo sen rematar as actividades acordadas.
- Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia de calquera das partes
- O mutuo acordo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ó reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Na execución do presente convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garanten a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos

datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten a prerrogativa de interpretar este convenio e resolver todas as dúbidas que xurdan na súa execución de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable. Os acordos correspondentes porán fin a vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-Administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS

Ambos organismos comprométense a facilitarse mutuamente tanta información se considere de utilidade para o mellor logro dos obxectivos perseguidos.

A propiedade dos resultados finais será exercida conxuntamente polas entidades asinantes, comprometéndose a que en todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparezan a Cámara de Santiago de Compostela e a Consellería, salvo renuncia expresa dalgunha das partes.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que esta financiado pola Xunta de Galicia e os seus logotipos.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

Pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de
Economía, Empresa e Innovación da Xunta de
Galicia



D. Francisco Conde López

Pola Cámara Oficial de Comercio,
Industria, Servizos e Navegación de
Santiago de Compostela

D. José Sierra Fernández

ANEXO I

ACTUACIÓNES PARA O IMPULSO E APOIO AO COMERCIO E A ARTESANÍA NO MARCO DO XACOBEO 2021.

Descrición dos obxectivos e alcance das actuacións.

Con motivo do vindeiro Xacobeo 2021, o noso comercio de proximidade, que inclúen as nosas tendas de artesanía, convertírase nun escaparate de produto galego. É preciso aproveitar a oportunidade para mellorar a imaxe e incrementar a visibilidade e se cabe o seu prestixio.

1.- IMPULSO Á MARCA ARTESANÍA DE GALICIA: 10.000€

- Obxectivo: Incrementar o número de establecementos autorizados para a venda de produtos da marca Artesanía de Galicia elevando así a súa presenza.
- Actuacións:
 - En relación cos establecementos xa validados no marco do convenio coa consellería 2019:
 - Visita a todos os establecementos validados pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo e que aínda non se adheriron á Marca Artesanía de Galicia.
 - Axuda do persoal técnico da Cámara para a formalización e tramitación da Marca Artesanía de Galicia, acompañando ao comerciante durante todo o proceso de cara a animalo na presentación da solicitude.
 - En relación con novos potenciais establecementos aínda non contactados:
 - Análise inicial: Elaboración dunha relación de establecementos de Santiago e comarca que sexan susceptibles do uso da marca Artesanía de Galicia.
 - Valoración: O listado de posibles establecementos remitirase á Dirección Xeral, quen será o órgano que valide a conveniencia de continuar con todos ou só con algúns dos establecementos seleccionados, e pasar así á seguinte fase do proceso
 - A Cámara visitará aos establecementos co persoal adecuado para:
 1. Incentivar o uso da marca Artesanía de Galicia.
 2. Orientar na elección dos 5 provedores de obradoiros artesáns que esixe a normativa en vigor.
 3. Facilitar o apoio preciso para tramitar a solicitude correspondente na sé electrónica da Xunta de Galicia.
 4. Accións de formación no correcto uso da Marca.

2.- FORMACIÓN: 40.000€

- Obxectivo: Dotar aos emprendedores e/ou empresarios das ferramentas precisas para consolidar o seu negocio e mellorar a súa rentabilidade e xestión empresarial, coa finalidade de que lles permita abordar con éxito os cambios e condicionantes que lles impoñen os actuais mercados.

- Actuacións:
 - Programa de uso profesional das redes sociais aplicado ao comercio e á artesanía (15 horas)
 - Programa de paquetería comercial creativa (20 horas)
 - Programa “Dando o primeiro paso no e-commerce: venda en marketplaces” (10 horas)
 - Programa Marketing dixital para impulsar o teu comercio (15 horas)
 - Programa sobre iniciación ao comercio electrónico (15 horas)
 - Programa como mellorar as túas vendas a través do teu escaparate (20 horas)
 - Estratexia omnichannel para o comercio de proximidade e a artesanía (10 horas)

3.- ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DUNHA GUÍA DE ESTRATEXIAS DE CAPTACIÓN E FIDELIZACIÓN DE CLIENTES PARA O COMERCIO E A ARTESANÍA A TRAVÉS DE FERRAMENTAS DIXITAIS


- Obxectivo: Elaboración dunha guía dirixida á captación e fidelización do cliente, baseada en ferramentas dixitais, de fácil acceso e sinxelo manexo.
- Actuacións:
 - Elaboración da guía
 - Difusión da guía preferentemente en formato dixital

4.- GABINETE DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO AOS COMERCIOS RETALLISTAS NO CONTEXTO DA CRISE DA COVID-19

- Obxectivo: Asistir e asesorar aos comercios retallistas nas medidas precisas para exercer a actividade dentro do contexto da Covid-19.
- Actuacións:
 - Asesoramento personalizado das medidas hixiénico-sanitarias que deben manter os establecementos para desenvolver a actividade.
 - Asesoramento en relación coas axudas das distintas administracións públicas para paliar os efectos da Covid-19
 - Propostas de melloras adaptada aos distintos tipos de establecementos comerciais que o soliciten.

5.- MESAS REDONDAS DE ANÁLISE, DEBATE E PRESENTACIÓN DE AXUDAS OU PROGRAMAS DA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO.

- Obxectivo: Fomentar o diálogo e intercambio de experiencias e boas prácticas entre establecementos comerciais e artesáns.
- Actuacións:
 - 3 mesas: 2 en Santiago e 1 en concellos do Camiño de Santiago.



ACTUACIÓNS DO PROXECTO:

IMPULSO DA MARCA ARTESANÍA DE GALICIA	10.000,00€
PROGRAMAS FORMATIVOS PARA O COMERCIO E A ARTESANÍA	40.000,00€
ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DUNHA GUÍA DE ESTRATEXIAS DE CAPTACIÓN E FIDELIZACIÓN DE CLIENTES PARA O COMERCIO E A ARTESANÍA A TRAVÉS DE FERRAMENTAS DIXITAIS	35.000,00€
GABINETE DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO AOS COMERCIOS RETALLISTAS NO CONTEXTO DA CRISE DA COVID-19	25.000,00€
MESAS REDONDAS DE ANÁLISE, DEBATE E PRESENTACIÓN DE AXUDAS OU PROGRAMAS DA DXC.	10.000,00€
TOTAL	120.000,00€

